LUME
TroulA

MOUCHOS, CORUXAS, SAPOS E BRUXAS
DEMOS, TRASGOS E DIAÑOS,
ESPRITOS DAS NEVOADAS VEIGAS
CORVOS, PINTIGAS E MEIGAS,
FEITIZOS DAS MENCIÑEIRAS
PODRES CAÑOTAS FURADAS
FOGAR DOS VERMES E ALIMAÑAS
LUME DAS SANTAS COMPAÑAS,
MAL DE OLLO, NEGROS MEIGALLOS
CHEIRO DOS MORTOS, TRONOS E RAIOS...

INFORMACIÓN XERAL

MODALIDADE

Espectáculo de rúa itinerante, pasarrúas.

DURACIÓN

1 hora de espectáculo

PERSOAL



ZANCUDO E POWER SKIP

Un zancudo portador do carro e un demo con zancos de rebote

DIAÑO

Un bebé diabólico

BRUXA E TRASNOS

Unha bruxa en patíns e dous trasnos malabaristas

PERCUSIÓN

Seis percusionistas

MATERIAL

Trono xigante do bebé diabólico

Pequena pirotecnia (carretillas, bengalas, chafarices)

Instrumentos de percusión

Material específico dos animadores (zancos, fachos, auga de lume...) vestiario e caracterización.

SINOPSE

Neste pasarrúas, diferentes personaxes saídos da máis profunda escuridade, entre eles o mesmísimo fillo do Diaño, percorrerán todas as rúas ao ritmo que marcan os tambores. Diaños, tras-nos, bruxas,... demostrarán as súas habilidades có seu elemento máis prezado: o LUME.

NECESIDADES TECNICAS

TEMPO

Tempo de montaxe e preparación: 2h

Duración do pasarrúas: 1h

Tempo de desmonte: 1h

CARGA E DESCARGA

Precisamos:
Un lugar onde facer a montaxe e a desmonte, libre de circulación de vehículos, de 5x5m.
Un lugar onde estacionar unha furgoneta próximo ao sitio de saída do pasarrúas.

PERSOA RESPONSABLE

Precisamos:
unha persoa responsable, con capacidade de decisión, dende a nosa chagada ata a nosa saída.

CAMERINOS

Precisamos:
Camerinos onde poder descargar a roupa e elementos dos animadores (tambores, zancos, maquillaxes...) próximo ao lugar de saída do pasarrúas, con espazo para doce persoas, con espellos e augas.

ESTRUTURAS

O pasarrúas inclúe un carro coas seguintes dimensións:



CONDICIÓNS DO ESPAZO DE ACTUACIÓN

O percorrido debe ser libre de obstáculos e sen demasiada pendente.

As dimensións das rúas deben permitir o paso do carro.

En caso de choiva o pasarrúas non poderá saír e se non chove pero o chan está moi mollado, por seguridade dos animadores, os zancudos non poderán sair con zancos.

* SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL

No caso de agardar moita xente durante o pasarrúas, ou se hai que pasar por algún tramo de rúa que sexa por estrada..., podería ser necesario que dúas persoas de protección civil a pé acompañasen o pasarrúas para facilitar o seu desenvolvemento.

HABELAS...HAINAS!